

AS HISTORIAS DOS LIBROS

(NON TIÑA TÍTULO, ESTE INVENTÁMOLO NÓS)

ENCONTREI UNHA PRINCESA
NUN GRAN PAZO DE CRISTAL
E UN CASTELO CON CEN TORRES
E TELLADOS DE METAL.

UNHA OSA PRATEADA
QUE SABÍA COCIÑAR,
UN LEÓN CUNHA COROA
QUE APRENDEU A GOBERNAR (...)

ENCONTREI CATRO XIGANTES
QUE GUSTABAN DEVORAR
NENOS DE CABELOS LOIROS
COCIÑADOS NO XANTAR.(...)

ENCONTREI UN SAPOCONCHO
QUE CORRÍA A MÁIS NON DAR,
E UNHA LEBRE PREGUICEIRA
QUE CON EL ÍA APOSTAR.

UNHA BRUXA CON VERRUGA
QUE NOS QUERE ENFEITIZAR
E DOUS IRMÁNS E OUTROS NENOS
PERDIDOS NUN CARBALLAL.(...)

ENCONTREI O QUE VOS DIGO
E MÁIS PODÍA ENCONTRAR;
PORQUE, CON LERES UN LIBRO,
MIL MUNDOS PODES ACHAR.

ANA M^a FERNÁNDEZ

